

NACIONALISMOS E XENOCIDIO

Hai 77 anos, co fin da II Guerra Mundial, o mundo mudou a súa organización.

A comunidade internacional empezaba a esixir responsabilidades aos responsables de tanto devastación e crueldade. Despois da I Guerra Mundial xa empezaran a elaborarse normas que impedirán o acontecido nesta primeiro gran conflito. O empeño continuou despois da II Guerra



Mundial porque non se conseguiu impedir ese segundo desastre. Así, en decembro de 1948, a Organización das Nacións Unidas asinou o **Convenio para a prevención e a sanción do delito de xenocidio**. Este é o momento no que aparece o termo por primeira vez na historia, nunha norma. Aínda que hai que sinalar que foi creado por Raphael Lemkin, un cidadán polaco e xudeu no ano 1944 e dita denominación utilizarase máis adiante para

describir as masacres cometidas tamén antes deste acordo das Nacións Unidas. Pero este termo, que ten raíces gregas (genos, que significa familia, tribo ou raza) e latinas (cidio, que significa matar) fai referencia ao conxunto de actos de “odio extremo”, que se desenvolven co fin de destruír parcial ou totalmente unha comunidade étnica, relixiosa ou nacional, aínda está en evolución e segue a suscitar o debate. Así, nun primeiro momento, a definición tamén incluía aos grupos políticos pero a grande presión, nese momento da Unión Soviética, fixo que se eliminara do contido do termo.

Os crimes contra un grande número de persoas só acadan o nivel de xenocidio se se dirixen a eses grupos específicos de persoas coa intención de “destruílos total ou parcialmente”.

É, polo tanto, un delito moi difícil de perseguir polo que a comunidade internacional tende a acusar ás persoas doutros delitos para que poidan ser castigados.

Pois ben, se o termo nace a partir dun nacionalismo político, dunha ideoloxía que pon a unha determinada nación como referente identitario na reorganización de Europa... por que non inclúe a grupos políticos?



E por que, a pesar do Convenio para a prevención e a sanción do delito de xenocidio, como é posible que a mesma política nacionalista que se desenvolveu en Bosnia e Croacia nos anos 90 provocara a morte de máis de 100.000 persoas? Ou como é posible que unha política étnica de carácter nacionalista acabe tamén con máis de 800.000 persoas da etnia tutsi en Ruanda?

Queda aínda moito por facer. Se ben é certo que no noso territorio o nacionalismo é máis unha reivindicación cultural, de autonomía fiscal e de autogoberno.